

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza


## Á Mesa do Parlamento

**Bieito Lobeira Domínguez e M<sup>a</sup> Carme da Silva Méndez**, deputado e deputada do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta oral en Pleno, relativa ás previsións de instalación na futura Autovía do Salnés de elementos de protección alternativos aos gardarraís (“quitamedos”).

As actuais obras de desdoblamento da Vía de Alta Capacidade do Salnés, que a converterán en Autovía, son unha extraordinaria oportunidade para incluír elementos que melloren os niveis de seguranza vial.

É posíbel comprobar como neste momento se están a instalar os gardarraís (quitamedos) nas beiras deste vial, como elementos físicos para evitar as saídas de vehículos da vía. Porén, son coñecidas as críticas a este sistema de “protección”, procedentes fundamentalmente de colectivos de moteiros.

Así o recoñece a propia Dirección Xeral de Tránsito (Ministerio de Interior) que xa ten anunciado un programa de substitución paulatina destas estruturas en todo tipo de infraestruturas viarias. Efectivamente, estas pranchas galvanizadas de sección sinusoidal fixadas a unha serie de postes metálicos verticais chantadas no chan (barreiras de seguranza semirríxida, coloquialmente coñecidas como “quitamedos”), actúan como auténticas “guillotinas” en caso de sinistro, fundamentalmente de usuarios de motocicletas.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 19/02/2008 17:15  
Nº Rexistro: 27370  
Data envío: 19/02/2008 17:15:01.616

Estas son as razóns que levan ao BNG a formular as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1.<sup>a</sup>) Ten previsto a Consellaría de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes substituír os gardarraís (“quitamedos”) por outros elementos de protección vial menos agresivos cos condutores de ciclomotores, nas obras de desdoblamento da Autovía do Salnés?

2.<sup>a</sup>) Non considera que esa decisión melloraría os niveis de seguranza nese vial?

Santiago de Compostela, 19 de febreiro de 2008.

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez

M<sup>a</sup> Carme da Silva Méndez

Deputado e deputada do G.P. do BNG.

**Asinado dixitalmente por:**

**Bieito Lobeira Domínguez na data 19/02/2008 17:13:35**

**María Carme da Silva Méndez na data 19/02/2008 17:13:43**